

Martes, 2 de abril de 2024

Núm. 64

OUTRAS ENTIDADES

FUNDACIÓN MARCO, MUSEO ARTE CONTEMPORÁNEO DE VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN DE FIRMA DA PRESIDENCIA NA VICEPRESIDENTA DA FUNDACIÓN MARCO

FUNDACIÓN MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEA DE VIGO

Resolución.- Delegación de firma da Presidencia na Vicepresidenta da Fundación Marco.

Excmo. Sr. Abel Caballero Álvarez como Presidente da Fundación MARCO en uso das competencias atribuídas polo art. 15.2 dos Estatutos da Fundación Marco,

RESOLVO

Primeiro.- Outorgar a delegación da firma das resolucións e actos administrativos, escritos, certificacións e documentos públicos que deban recaer nos expedientes que tramita a Fundación MARCO, na Primeira Tenente Alcalde, Concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo, e Vicepresidenta do Padroado da Fundación MARCO, Sra Silva Rego.

Esta delegación non supón transferencia do exercicio da competencia.

Non será delegable a sinatura das resolucións e actos administrativos que se relacionen coas atribucións indelegables segundo a normativa aplicable ás fundacións.

Segundo.- A delegación se realiza sen prexuízo de que a Presidencia da Fundación Marco, como titular da competencia, recabe para si a firma de calquera asunto que estime conveniente.

Terceiro.- Nas resolucións e actos que se firmen en virtude desta delegación farase constar expresamente autoridade de procedencia, así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto.- A presente resolución terá eficacia dende o día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da súa notificación persoal á interesada e publicación no BOP de Pontevedra.

Quinto.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables da Fundación MARCO para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Vigo, a 25 de marzo de 2024

